




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Costa Norte de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Román de Doniños e San Xurxo da Mariña no extremo setentrional. Extensión: 6,63km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade interesante desde o punto de vista xeolóxico e xeomorfolóxico. Está composta por un val de orixe tectónica que alberga na súa parte máis costeira unha lagoa pechada por unha frecha areosa –praia e cordón de dunas - hoxe ancorada xa nos dous extremos. Esta orixe tectónica explica, por un lado, os desniveis que pechan o val, a súa forma e orientación, así como a profundidade da lagoa-11m, a de maior cota batimétrica na costa de Galicia-. Nas inclinadas vertentes os procesos de ladeira foron moi intensos, o que foi colmando a lagoa e regularizando o fondo do val, hoxe bastante suave. As elevacións que pechan a cunca, son moi regulares en altura, acadando os 250m. Inclúe o EIX Xeoformas e complexo sedimentario de Doniños.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade ten a súa base de granodiorita deformada postectónica de dúas micas, pertencente ao Macizo de Ferrol. Só no extremo setentrional, na zona de O Outeiro, aparecen de este a oeste un ortogneis biotítico-moskovítico hercínico, os xistos da Serie de Ordes no suco central, e unha granodiorita postectónica moi grossa de dúas micas no extremo setentrional do areal. As granodioritas deformadas de dúas micas só entran en dúas pequenas áreas nos Pedridos e A Zancada. Destaca o Cuaternario de praia e duna, e dos aluviais e detritos mariños da lagoa e fondo do val de Doniños e do suco tectónico de Confurco, que acadan en conxunto unha notable extensión.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O val de Doniños inclúese dentro do ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media está por debaixo de 12,5°C. As precipitacións rexistran máximos acumulados de 1200mm, sen baixar dos 1000mm anuais.

OS SOLOS

Unidade na que se desenvolve unha clara catena de vertente cuxo final está tamén influído polas acumulacións cuaternarias do fondo do val, a lagoa e o complexo areoso costeiro. Aparecen arenosos na fronte costeira. A parte máis baixa do fondo do val presenta un gleisol húmico. O resto do fondo do val compoñen un fluvisol háptico, as vertentes (e planicie NE.) un cambisol dístrico-úmbrico e, as partes máis altas, un umbrisol dístrico-léptico.


AS AUGAS

A rede fluvial artúclase en torno ao val de Doniños de dirección xeral E-O e con pequenos vales laterais tributarios por veces de orixe tectónica (verte á masa de Augas Costeiras 20122). O elemento de maior interese é a Lagoa costeira de Doniños (masa de Augas de Transición 20177), situada no extremo occidental da unidade a poucos metros do complexo sedimentario e con preto de 23Ha de superficie de lámina de auga.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Costa de Ferrolterra-Valdoviño. Cordón de dunas, a lagoa e os bosques de ribeira asociados dentro do LIC Costa Ártabra. Destacan os hábitats de grupo 21, "Dunas marítimas das costas atlánticas. Existe potencialidade para o hábitat 2230, "Dunas con céspedes de *Malcolmietalia*" e o 2260 "Dunas con vexetación esclerófila do Cisto-Lavanduletalia. No sur do cordón aparece o 2190, "Depresións intra-dunas húmidas". O máis característico da unidade é a lagoa costeira, hábitat 1150, cuxa gran profundidade e escasa salinidade permiten hábitats do grupo 31, "Augas estancadas". Tras a mesma, desenvólense outros hábitats relacionados coa presenza destas masas de auga, como o bosque ripícola (91E0) e a extensión de prados húmidos dos hábitats 6420 e 6430. O río do Anido mantén un bosque descontínuo en progresión debido ao abandono das actividades agropecuarias, o que permite a aparición de pequenos grupos de frondosas de recolonización a partir das lindes vexetadas. Hai citas de *Omphalodes litoralis* e unha de *Litaria aguilonensis*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Esta singular unidade de variadas formas costeiras-praia, cordón dunar, lagoa- acolle as seguintes coberturas e usos de solo: tras a franxa de praia esténdese un amplo sistema de dunas até os límites da lagoa, ao redor da cal se desenvolveron diversas especies hidrófilas, que culminan nun pequeno bosque húmido. Cinguido ao principal curso fluvial que desauga na lagoa, existe un estreito bosque ripícola con algunha extensión descontínua na canle tributaria da súa marxe esquerda. Sobre as áreas colmatadas, nas que se sitúan os solos máis fértiles do val ao redor da lagoa, concéntrase o mosaico agrícola, cun parcelario de escasas dimensións. O uso residencial está presente nos núcleos tradicionais de Doniños, na marxe esquerda do val cun agrupamento aberto ao redor da vía principal de acceso, así como en Vilar e San Román ao norte e este respectivamente da unidade e de menor entidade que o de Doniños. O ámbito tamén acolle un crecemento residencial que alcanza a súa maior extensión no sector comprendido entre a lagoa e o piñeiral situado no extremo norte da praia. Nas ladeiras de forte pendente que pechan o conxunto do val esténdese unha mancha compacta de bosque de repoboación.

MORFOLOXÍA

No tramo medio das ladeiras que enmarcan este val, os núcleos tradicionais estruturáronse arredor das vías de comunicación. A diferenza dos que se agrupan de forma lineal arredor da C-3608, que conservan o seu carácter, nos dous extremos do areal, producíronse acusados procesos residenciais en dirección ao mar estruturados sobre potentes accesos que facilitan un uso intenso da praia e espazos contiguos. Predomina nestes dispersos edificatorios a vivenda unifamiliar de baixa densidade propiciando unha ocupación esponxada e estendida no territorio sobre un parcelario das terras baixas do val de orixe agrícola.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada C-3607 bifúrcase en dous ramais no seu acceso ao val de Doniños, conectándose finalmente ao leste da lagoa. Xunto a ela, completa a rede principal a C-3608 e a recente N-655 que comunica o Porto Exterior da Ría de Ferrol co corredor norte da cidade departamental.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Comezamos a relación co castro da Croa de Fontá na Parroquia de San Román de Doniños. No extremo nororiental está inventariada a Mámoa de Campañas en San Xurxo. Finalmente, sinalar a presenza doutras dúas mámoas, tipo túmulo en Mougas e o asentamento de castelo dous mouros en San Román de Doniños. Da arquitectura relixiosa e funeraria son salientables a igrexa parroquial eyol cemiterio de San Román.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter desta unidade está marcado, sen dúbida, pola lagoa de xénese tectónica que acapara todo o protagonismo escénico dun val de fondo plano que se encaixa rapidamente cara ao interior. A súa fronte costeira, de alto valor estético, ofrece un amplo areal e o seu sistema de dunas atravesado pola canle de desaugue da lagoa. No interior do val, o mosaico agrícola comparte o espazo cos elementos naturais e os núcleos tradicionais que mantiveron a súa personalidade a pesar da escasa distancia á cidade de Ferrol. A organización actual pivota sobre o foco de atracción que representa a praia, o que xerou un proceso de construción de vivendas unifamiliares non vinculadas aos citados núcleos. Resulta obrigado citar a importante incidencia paisaxística da infraestrutura viaria que dá acceso ao porto exterior e que modificou substancialmente a panorámica do val.

DINÁMICA DA PAISAXE

Este sistema praia-duna-lagoa é unha morfoloxía moi estendida no litoral galego e está suxeita a dinámicas naturais converxentes que afectan os elementos máis reactivos. A fixación do sistema de duna e a colmatación do fondo de val favoreceu a ocupación humana a media ladeira, fóra da primeira liña de costa, buscando a protección dos temporais e, por suposto, os solos máis desenvolvidos para os cultivos e prados, reservando as ladeiras dos relevos circundantes para os usos forestais. No últimos trinta anos, os usos recreativos e turísticos trasladaron o foco de interese construtivo ás proximidades da praia, dando pé a un crecemento residencial alleo aos usos tradicionais.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Atopámonos diante dun val dun excepcional valor paisaxístico grazas á presenza duns singulares elementos naturais que acaparan o protagonismo escénico. Referímonos ao amplo areal costeiro e o rico ecosistema asociado á lagoa. Xunto a estes, o rico mosaico de parcelas de cultivo e pastos acaba por completar unha rica paleta cromática e de texturas, onde o poboación tradicional soubo integrarse neste conxunto de singular beleza.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecedo residencial da vertente sur da lagoa de Doniños, na contorna da praia, e que non presenta unha funcionalidade rural ou urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizando a presión sobre a lagoa e a praia e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |











Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



